




<b>SUBVENCIÓN</b>	<b>Programa de préstamos cualificados para rehabilitación de edificios e vivendas</b>	
<b>CÓDIGO PROCEDEMENTO</b>	<b>VI406B</b>	
<b>PUBLICACIÓN</b>	DOG número 53, do 18 de marzo de 2021. Resolución do 5 de marzo de 2021 pola que se convocan, para a anualidade 2021, as axudas financeiras do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas, con financiamento plurianual (código de procedemento VI406B).	
<b>BASES REGULADORAS</b>	DOG núm. 8 do 14 de xaneiro de 2020. Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas financeiras do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivenda	
<b>OBXECTO</b>	A concesión de axudas financeiras para a rehabilitación de edificios e vivendas, que poderán consistir en: a) Préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas concedidos polas entidades de crédito, no ámbito dos convenios asinados para estes efectos co Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS). b) Axudas económicas directas, consistentes na subsidiación dos xuros do préstamo cualificado outorgado pola entidade financeira.	
<b>PROCEDEMENTO</b>	O procedemento para o recoñecemento do acceso ao financiamento e a concesión das axudas directas de subsidiación de xuros iníciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a correspondente resolución de convocatoria.	
<b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>	Dende o 18/03/2021 ata o 01/09/2021	
<b>TIPOLOXÍA E REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS</b>	Tipos de inmobles	Vivendas, edificios e locais comerciais para a súa conversión en vivenda.
	Actuacións permitidas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non poden estar iniciadas no momento de presentación da solicitude.</li> <li>• Deben contar con licenza ou comunicación previa.</li> <li>• Deben estar incluídas no anexo II da Orde do 20/12/2019 (DOG 14/01/19): <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obras de adecuación estrutural e construtiva, de adecuación das condicións de habitabilidade do edificio ou da vivenda e de mellora de eficiencia enerxética.</li> <li>• Obras de adecuación dos edificios ou das vivendas e os seus accesos á normativa vixente sobre accesibilidade.</li> </ul> </li> </ul>




		<ul style="list-style-type: none"> <li>Obras de adecuación do acabado xeral do edificio e das vivendas aos principios da boa construción.</li> <li>Obras de remate en edificacións cuxos paramentos de fachada ou cubertas, non se remataron no momento da construción do edificio (neste suposto deberá xustificarse que a vivenda ten una antigüidade mínima de 10 anos e que foi habitada durante un mínimo de 5 anos).</li> </ul>
<b>PRAZO DE EXECUCIÓN</b>	Non hai límite de prazo	
<b>SOLICITANTES</b>	Persoas propietarias ou posuidoras de inmobles	<ul style="list-style-type: none"> <li>Posuidores: con título e contando coa autorización da persoa propietaria.</li> <li>Tamén poden solicitalo para financiar a súa participación nunha obra promovida por unha CP (neste caso, o importe se calcula en función da súa porcentaxe de participación).</li> </ul>
	Comunidades de persoas propietarias	<ul style="list-style-type: none"> <li>Só teñen dereito ao préstamo, non á subsidiación de xuros.</li> <li>Non se teñen en conta os ingresos dos membros da CP, unicamente se comproba que a CP está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa AEAT, SS e ATRIGA.</li> </ul>
	Requisitos para acceder ao préstamo	Os ingresos da unidade de convivencia da persoa solicitante non poderán ser superiores a 6,5 veces o IPREM. Esta limitación non se aplicará aos supostos de préstamos solicitados directamente polas comunidades de propietarios/as
	Requisitos para acceder á subsidiación	Os ingresos da unidade de convivencia non poderán ser superiores a 5,5 veces o IPREM
<b>PRÉSTAMOS CUALIFICADOS</b>	Bancos participantes	<ul style="list-style-type: none"> <li>Préstamo a particulares: Abanca, CaixaBank, Caja Rural, Banco de Sabadell</li> <li>Préstamo a CP: Deutsche Bank, Caja Rural e Abanca</li> </ul>
	Condicións préstamo persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>Importe máximo: o menor dos seguintes importes: Custo total da obra, co límite do orzamento protexible ou 30.000 €.</li> <li>Tipo de xuro fixo: 5,25 %.</li> <li>Tipo de xuro variable: Inicial (12 meses): 5,25 %. Resto: euribor a 1 ano + 4 %.</li> <li>Prazo máximo 8 anos.</li> <li>Sen comisións.</li> </ul>
	Condicións préstamo hipotecario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Importe máximo: o menor dos seguintes importes: Custo total da obra, co límite do orzamento protexible ou 60.000 €.</li> </ul>



		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipo de xuro fixo: 1,90 %.</li> <li>• Tipo de xuro variable: Inicial (24 meses): 1,75 %. Resto: euribor a 1 ano + 1,25 %.</li> <li>• Sen comisións (agás por subrogación externa, que será do 0,50 %; mínimo 300 €).</li> <li>• Prazo máximo: 15 anos.</li> </ul>
	<p>Condicións préstamo a CP</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipo de préstamo: con garantía persoal.</li> <li>• Importe máximo: o menor dos seguintes importes: Custo total da obra, co límite do orzamento protexible. 10.000 € por vivenda integrante da comunidade de propietarios/as.</li> <li>• Tipo de xuro fixo: 5%.</li> <li>• Tipo de xuro variable: euribor + 4%</li> <li>• Sen comisións.</li> <li>• Prazo máximo: 10 anos.</li> <li>• Prazo de carencia de capital: dous anos.</li> </ul>
<p><b>AXUDAS DE SUBSIDIACIÓN DOS XUROS DOS PRÉSTAMOS</b></p>	<p>Importe e duración</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ingresos da unidade de convivencia menores ou iguais a 4 veces IPREM: 100% dos xuros durante 48 meses.</li> <li>• Ingresos da unidade de convivencia maiores de 4 e menores de 5,5 veces IPREM: 80% dos xuros durante 36 meses.</li> </ul>
<p><b>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso.</li> <li>• Documento que acredite a propiedade ou a posesión do inmovible que se pretende rehabilitar, no caso de solicitudes non presentadas por comunidades de persoas propietarias.</li> <li>• Anexo II de declaración responsable de composición da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación de datos, no suposto de solicitudes non presentadas por comunidades de persoas propietarias.</li> <li>• Autorización da persoa propietaria do inmovible para realizar as actuacións de rehabilitación, no suposto de solicitudes presentadas por persoas posuidoras.</li> <li>• Acordo da comunidade de persoas propietarias de solicitar o préstamo cualificado para a rehabilitación do inmovible, no suposto de solicitudes presentadas por comunidades de persoas propietarias.</li> <li>• Acta de constitución da comunidade de persoas propietarias, tanto no suposto de solicitudes presentadas por comunidades de persoas propietarias, como as presentadas por persoas físicas para financiar a súa participación en actuacións promovidas por comunidades de persoas propietarias.</li> </ul>	



- Autorización das restantes persoas propietarias para a realización da actuación obxecto de rehabilitación, no suposto de que a vivenda ou edificio pertenza pro indiviso a varias persoas e a solicitude non fora presentada por comunidades de persoas propietarias.
- Proxecto de execución das obras que se pretenden realizar, elaborado por técnico competente ou, de ser o caso, memoria asinada por técnico/a competente, sendo este/a profesional con capacidade técnica suficiente para redactar o orzamento, dirixir ou executar a obra.
- Licenza municipal, no caso de que sexa necesaria pola actuación que se vai realizar, ou comunicación previa ao concello, cando a actuación non estea sometida a licenza e, de ser o caso, autorizacións sectoriais preceptivas. A comunicación previa ao concello deberá vir acompañada dunha declaración responsable da persoa ou entidade promotora da actuación de non ter sido requirida para a súa emenda, no suposto de ter transcorridos máis de quince (15) días hábiles, contados desde a data da súa presentación.
- Certificado de quen exerza as funcións de secretario/a da comunidade de persoas propietarias no que se recolla o acordo da comunidade de realizar as actuacións de rehabilitación, a relación de vivendas partícipes nestas actuacións e a porcentaxe e importe de participación de cada unha no orzamento protexible, no suposto de solicitudes presentadas por comunidades de persoas propietarias e por persoas físicas para financiar a súa participación en actuacións promovidas por comunidades de persoas propietarias.
- Licenza de primeira ocupación, certificado de fin de obra ou calquera outro documento que acredite que a edificación ten unha antigüidade mínima de dez anos, no caso de obras consistentes no remate en edificios ou vivendas cuxos paramentos de fachada e/ou cubertas non estivesen finalizadas.
- Certificado municipal en que conste que a edificación ou vivenda foi habitada durante un mínimo de cinco anos, no caso de obras consistentes no remate en edificios ou vivendas cuxos paramentos de fachada e/ou cubertas non estivesen finalizados.
- Certificación médica que acredite o embarazo da solicitante e/ou dalgunha muller membro da unidade de convivencia no momento de presentar a solicitude de axudas financeiras, no suposto de solicitudes non presentadas por comunidades de persoas propietarias, de ser o caso.
- Certificado acreditativo da existencia dalgún proceso de adopción en trámite por parte da persoa solicitante e/ou dalgunha persoa membro da unidade de convivencia no momento de presentar a solicitude de axudas financeiras, no suposto de solicitudes non presentadas por comunidades de persoas propietarias, de ser o caso.
- Certificado de discapacidade da persoa solicitante e/ou das persoas membros da unidade de convivencia nas cales conorra a dita circunstancia, de ser o caso e para o suposto de non ter sido expedido pola Xunta de Galicia, no suposto de solicitudes non presentadas por comunidades de persoas propietarias.
- Declaración responsable da persoa solicitante e/ou das persoas membros das súas unidades de convivencia dos ingresos obtidos, á cal se deberá xuntar, se é o caso, o certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas en que estivese de alta no dito



	<p>exercicio, certificado de pensións, prestacións periódicas, certificado do INEM e/ou certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario, para o suposto de que algunha desas persoas non estivesen obrigadas a presentar a declaración do IRPF, no caso de solicitudes non presentadas por comunidades de persoas propietarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Certificado de empadramento conxunto relativo ás persoas empadroadas na vivenda, con referencia ás datas próximas á presentación da solicitude.</li> </ul>
<b>FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obrigatoriamente electrónica para persoas ou entidades obrigadas a relacionarse por medios electrónicos</li> <li>• Preferiblemente electrónica para persoas físicas</li> </ul>
<b>INFORMACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• DIRECCIÓN TÉCNICA DE FOMENTO ..... 981955786 - 981541935</li> <li>• 012</li> <li>• AREA PROVINCIAL IGVS A CORUÑA .....981184801</li> <li>• AREA PROVINCIAL IGVS LUGO.....982294602</li> <li>• AREA PROVINCIAL IGVS OURENSE.....988386273</li> <li>• AREA PROVINCIAL IGVS PONTEVEDRA.....986805610-986805611-886205098</li> <li>• SERVIZOS CENTRAIS IGVS.....981541981-981541982-981957529</li> </ul>
<b>CONSULTAS</b>	<p><a href="mailto:rehabilitacion.igvs@xunta.gal">rehabilitacion.igvs@xunta.gal</a> ..... cuestións administrativas</p> <p><a href="mailto:calidade.igvs@xunta.gal">calidade.igvs@xunta.gal</a>..... cuestións técnicas</p>